



INSTITUTO  
GALEGO DE  
ESTADÍSTICA



# INFORME SOBRE AFILIACIÓNS Á SEGURIDADE SOCIAL

**Afiliacións medias en setembro de 2023**

Santiago de Compostela, 3 de outubro de 2023

Instituto Galego de Estatística  
Complexo Administrativo San Lázaro s/n  
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)  
Contacto: <http://www.ige.gal/web/peticioninfo.jsp>  
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)  
FAX: 981.54.13.23  
Páxina Web: <http://www.ige.gal>

## 1.- Información xeral

O número medio de afiliacións<sup>1</sup> ao Sistema da Seguridade Social en Galicia no mes de setembro do ano 2023 acadou a cifra de 1.071.112 para o total do sistema, o que supón un descenso respecto ao pasado mes de agosto de 2023 de 6.799 afiliacións (-0,63%). Para o conxunto estatal a cifra de afiliacións sitúase en 20.724.796, rexistrando un aumento do 0,09% con respecto ao pasado mes de agosto.

Na comparativa interanual (setembro de 2023 con setembro de 2022) obsérvase un aumento de 21.766 afiliacións no total do sistema en Galicia (2,07%) e un aumento do 2,70% (544.508 afiliacións) no conxunto estatal.


Por comunidades autónomas e con respecto ao mes de agosto de 2023, rexístrase unha subida das afiliacións en seis comunidades autónomas (La Rioja, Madrid, Canarias, País Vasco, Cataluña e Navarra); mentres que en once comunidades autónomas baixan as afiliacións, destacando Cantabria (-2,66%) e Illes Balears (-2,60%). En canto ás taxas con respecto ao mesmo mes do ano anterior, rexístranse taxas positivas en todas as comunidades autónomas. Os aumentos máis acusados prodúcense en Illes Balears, Canarias e Madrid con taxas interanuais superiores ao 3,50%.

Cadro 1.- EVOLUCIÓN DAS AFILIACIÓNS POR COMUNIDADES AUTÓNOMAS

CCAA	AFILIACIÓN MEDIA SETEMBRO 2023	VARIACIONES			
		MES ANTERIOR		INTERANUAL	
		ABSOLUTA	RELATIVA	ABSOLUTA	RELATIVA
<b>España</b>	<b>20.724.796</b>	<b>18.295</b>	<b>0,09</b>	<b>544.508</b>	<b>2,70</b>
<b>Galicia</b>	<b>1.071.112</b>	<b>-6.799</b>	<b>-0,63</b>	<b>21.766</b>	<b>2,07</b>
Andalucía	3.318.566	-8.160	-0,25	67.312	2,07
Aragón	604.107	-4.164	-0,68	14.909	2,53
Asturias	378.944	-6.122	-1,59	6.127	1,64
Illes Balears	616.789	-16.445	-2,60	25.381	4,29
Canarias	886.376	9.956	1,14	33.574	3,94
Cantabria	229.685	-6.279	-2,66	3.384	1,50
Castilla La Mancha	774.146	-542	-0,07	18.039	2,39
Castilla y León	965.288	-2.795	-0,29	18.408	1,94
Cataluña	3.702.790	9.394	0,25	89.427	2,47
Comunitat Valenciana	2.078.424	-55	0,00	62.001	3,07
Extremadura	413.545	-5.793	-1,38	5.696	1,40
Madrid	3.565.771	47.764	1,36	134.624	3,92
Murcia	633.407	-2.634	-0,41	15.107	2,44
Navarra	306.134	763	0,25	5.935	1,98
País Vasco	994.992	8.496	0,86	19.103	1,96
La Rioja	136.811	1.942	1,44	957	0,70
Ceuta e Melilla	47.909	-232	-0,48	2.758	6,11

Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones

<sup>1</sup> O Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones tan só publica os datos de afiliación media do mes por considerala máis estable que a cifra do último día do mes e reflectir mellor como foi a afiliación no conxunto do mes.



Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones

## 2.- Datos de afiliacións por provincias

O número medio de afiliacións á Seguridade Social aumentou con respecto ao mesmo mes do ano pasado en todas as provincias galegas. Ourense é a provincia que presenta a maior subida nas afiliacións cunha taxa de variación interanual do 2,47%, seguida da Coruña (2,17%), Pontevedra (2,03%) e Lugo (1,54%).

No que respecta ás afiliacións medias deste mes de setembro con respecto ás do mes de agosto, rexistrouse en Galicia un descenso do 0,63%. As catro provincias galegas presentan unha taxa de variación intermensual negativa, Lugo (-1,19%), Pontevedra (-0,73%), A Coruña (-0,54%) e Ourense (-0,01%).

**Cadro 2.- EVOLUCIÓN DAS AFILIACIÓNS Á SEGURIDADE SOCIAL. GALICIA E PROVINCIAS**

PROVINCIA	AFILIACIÓN MEDIA SETEMBRO 2023	VARIACIÓN			
		MES ANTERIOR		INTERANUAL	
		ABSOLUTA	RELATIVA	ABSOLUTA	RELATIVA
A CORUÑA	461.543	-2.491	-0,54	9.785	2,17
LUGO	126.337	-1.521	-1,19	1.911	1,54
OURENSE	106.883	-6	-0,01	2.574	2,47
PONTEVEDRA	376.350	-2.781	-0,73	7.496	2,03
<b>GALICIA</b>	<b>1.071.112</b>	<b>-6.799</b>	<b>-0,63</b>	<b>21.766</b>	<b>2,07</b>
<b>ESPAÑA</b>	<b>20.724.796</b>	<b>18.295</b>	<b>0,09</b>	<b>544.508</b>	<b>2,70</b>


Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones

### 3.- Información segundo réxime de afiliación

As afiliacións ao réxime xeral, que representan o 78,98% das afiliacións galegas en setembro de 2023, diminuíron un 0,70% con respecto ao mes anterior. Na comparativa interanual obsérvase un aumento do 2,88%. En España estas taxas foron do 0,09% con respecto a agosto de 2023 e do 3,19% en relación ao mes de setembro de 2022. Por provincias, Lugo é a que presenta unha porcentaxe menor de afiliacións ao réxime xeral (73,74%).

Nas afiliacións ao réxime especial de autónomos, Lugo (-1,62%), Ourense (-1,56%) e A Coruña (-0,68%) amosan unha taxa de variación interanual negativa, mentres que Pontevedra (0,29%) presenta unha taxa de variación interanual positiva. A media da comunidade galega sitúase entón no -0,61%. Para este réxime e con respecto ao mes de agosto de 2023, baixan as catro provincias galegas, Pontevedra (-0,36%), Lugo (-0,28%), Ourense (-0,23%) e A Coruña (-0,14%), resultando para o conxunto de Galicia unha taxa intermensual do -0,24%. As taxas nacionais para este réxime presentan unha subida interanual do 0,28% e unha subida intermensual do 0,17%.

No que respecta ao réxime especial do mar, con respecto a setembro de 2022, baixan as afiliacións en Lugo (-6,44%), A Coruña (-5,65%) e Pontevedra (-2,09%). A taxa galega acaba entón o -3,43%, inferior á de España (-0,86%). Con respecto a agosto de 2023, A Coruña presenta un descenso do 2,32%, seguida de Pontevedra cun descenso do 1,70% e Lugo cun descenso do 0,85%. A taxa galega amosa un descenso do 1,81 con respecto a agosto de 2023. A taxa nacional é do -3,75%.




Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones

**Cadro 3.- AFILIACIÓN POR RÉXIMES E PROVINCIAS**

RÉXIME E PROVINCIA	AFILIACIÓN MEDIA SETEMBRO 2023	VARIACIÓN RELATIVAS	
		MES ANTERIOR	INTERANUAL
<b>TOTAL SISTEMA</b>			
A CORUÑA	461.543	-0,54	2,17
LUGO	126.337	-1,19	1,54
OURENSE	106.883	-0,01	2,47
PONTEVEDRA	376.350	-0,73	2,03
GALICIA	1.071.112	-0,63	2,07
ESPAÑA	20.724.796	0,09	2,70
<b>R. XERAL</b>			
A CORUÑA	372.451	-0,60	2,95
LUGO	93.155	-1,50	2,80
OURENSE	84.311	0,05	3,60
PONTEVEDRA	295.997	-0,78	2,63
GALICIA	845.914	-0,70	2,88
ESPAÑA	17.319.728	0,09	3,19
<b>R. ESPECIAL AUTÓNOMOS</b>			
A CORUÑA	83.764	-0,14	-0,68
LUGO	31.727	-0,28	-1,62
OURENSE	22.572	-0,23	-1,56
PONTEVEDRA	67.691	-0,36	0,29
GALICIA	205.754	-0,24	-0,61
ESPAÑA	3.339.333	0,17	0,28
<b>R. ESPECIAL DO MAR</b>			
A CORUÑA	5.327	-2,32	-5,65
LUGO	1.455	-0,85	-6,44
OURENSE	0	--	--
PONTEVEDRA	12.662	-1,70	-2,09
GALICIA	19.444	-1,81	-3,43
ESPAÑA	64.798	-3,75	-0,86

Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones

#### 4.- Evolución da afiliación



Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones

## Notas metodolóxicas

**Traballadores afiliados:** a afiliación ao Sistema de Seguridade Social é obrigatoria para todas as persoas incluídas no campo de aplicación da Seguridade Social e única para toda a vida do traballador e para todo o Sistema, sen prexuízo das baixas, altas e demais variacións que con posterioridade á afiliación poidan producirse. É dicir, o traballador afíliase cando comeza a súa vida laboral e dáse de alta nalgún dos réximes do Sistema da Seguridade Social; esta situación denomínase alta inicial; se cesa na súa actividade, será dado de baixa pero seguirá afiliado en situación de baixa laboral, se retoma a actividade, producirase unha alta, denominada alta sucesiva a efectos estatísticos, pero non terá que afiliarse novamente, dado que, como xa se indicou, a afiliación é única para toda a vida do traballador.

A información procede da explotación estatística do ficheiro de afiliación dos traballadores aos distintos Réximes da Seguridade Social, cuxa xestión corresponde á "Tesorería General de la Seguridad Social" e ao "Instituto Social de la Marina". A explotación é efectuada pola "Gerencia de Informática de la Seguridad Social".

Neste informe preséntanse datos das afiliacións medias mensuais.

Para máis información:

<http://www.seg-social.es>

<http://www.inclusion.gob.es/>